

## ANEXO: Solicitud de participación na convocatoria de recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC 2019

**Centro propoñente: Facultade de Bioloxía**

**Denominación da práctica:**

Informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente

**Datos de desenvolvemento da práctica:**

O "[Informe de porcentaje de superación de materias del grado en Biología de la USC](#)" que contén a acción que se presenta xa foi elaborado para o curso 2017-18. O informe correspondente ao curso 2018-19 elaborárase nos meses de setembro-outubro.

**Breve descrición da práctica:**

O SGC da Facultade de Bioloxía conta cun protocolo propio ("[Informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente](#)") para a detección de materias que, de forma recorrente, contan con baixas taxas de superación, funcionando este como un sistema de alerta que permite ter a información necesaria para poder corrixir as desviacións que presentan algunhas materias, respecto das porcentaxes de superación das materias do grao. Seguindo este protocolo, se unha materia obtivera valores de superación inferiores ao percentil do 20% (acumulativo de todas as materias dende que se empezou a impartir a titulación) durante dous cursos consecutivos, entraría na denominada alarma temperá. Nestes casos, o profesorado e o departamento que ten asignada a docencia son informados, e se lles solicita que apliquen medidas para corrixir as desviacións detectadas (revisar e analizar a planificación, metodoloxía e sistemas de avaliación docente), para garantir que o alumnado alcance os resultados da aprendizaxe esperados.

**Breve avaliación da eficacia da práctica:**

A detección das materias con baixas taxas de superación vense realizando dende o curso 2014-15. As medidas adoptadas polo profesorado permitiron una mellora dos resultados académicos do alumnado na maioría das materias que entraron en alerta temperá, aínda que algunhas permanecen con taxas de superación baixas. Os resultados pódense consultar:

- [Informe de porcentaje de superación de materias del grado en Biología de la USC. Curso Académico: 2014-2015.](#)

Prégase brevidade e concisión na descrición da práctica. No caso de precisar máis espazo, pode agrandar os cadros de texto e empregar ata un máximo de 2 páxinas en total.

- [Informe de porcentaje de superación de materias del grado en Biología de la USC. Curso Académico: 2015-2016.](#)
- [Informe de porcentaje de superación de materias del grado en Biología de la USC. Curso Académico: 2016-2017.](#)
- [Informe de porcentaje de superación de materias del grado en Biología de la USC. Curso Académico: 2017-2018.](#)